

III Aberto de Outono de Ourense 2023

Xadrez Rápido

Sábado 7 de outubro

Bases

1. O Torneo de Xadrez Aberto de Outono de Ourense - Xadrez Rápido terá lugar o día 5 de outubro (a partir das 12 h 00) en modalidade Xadrez Rápido, no **Pavillón do Espazo Xove Ourense (Celso Emilio Ferreiro, 27, 32004 Ourense)**.
<https://goo.gl/maps/ExyYC5UKfUEFbqeGA>
Código plus: 84VQ+7P Orense
2. O torneo é organizado polo Académica Xadrez As Burgas co apoio do Espazo Xove de Ourense, Consello Municipal de Deportes de Ourense e Deputación de Ourense.
3. O torneo é aberto a todos os xogadores con licencia en vigor da Federación Española de Xadrez ou calquera outra Federación recoñecida pola FIDE, non habendo limitacións de participantes.
Será valedeiro para Elo Fide de Rápidas.
4. O torneo será disputado mediante sistema suízo a 9 roldas con **15 minutos + 3 segundos por xogador**, sendo utilizado o programa vega para o cálculo dos emparellamentos, clasificacións e desempates.
5. O presente evento rexirase polas leis do xadrez da Fide atendendo ao estipulado no apartado de rápidas.
6. O desempate para os xogadores empatados a puntos será:
 1. Resultado particular
 2. Butcholz -1.
 3. Corte de bultchoz mediano -2.
 4. Butcholz total.
 5. APRO.
7. **As inscricións deberán terse recibidas ata o día 5 de outubro, 24 h**, dirixidas a: xadrezasburgas@gmail.com, indicando nome, apelidos, clube, ID. Aqueles xogadores que non teñan ID deberán indicalo para que o solicite o árbitro do Torneo. Aqueles xogadores extranxeiros que non teñan ID deberán solicitalo á súa propia federación. Calquera dúbida será atendida por WhatsApp no número móvil 609709184.

Web de publicidade: www.xadrezasburgas.net

8. O pagamento do **dereito de inscrición** deberá efectuarse no local de xogo, antes do inicio da proba. **Os dereitos de inscrición quedan fixados como segue.**

Titulados	Exentos
Adultos	15 E
Júniors	12 E
Sub 12	10 E

9. Serán eliminados os xogadores que falten a unha rolda sin xustificar.

10. Calendario da proba: sábado 5 de outubro 2023 a partir das 12 h. 00. Apertura das inscricións as 11 h.

Mañán:

12 h 00: 1.^a rolda.
12 h 45: 2.^o rolda.
13 h 20: 3.^a rolda.
13 h 50: 4.^o rolda.

Tarde:

16 h 45: 5.^o rolda.
17 h 20: 6.^o rolda.
18 h 00: 7.^o rolda.
18 h 40: 8.^o rolda.
19 h 20: 9.^o rolda.
20 h 15: entrega de premios

11. Serán atribuídos os seguintes premios:

Clasificación Xeral:

Campión	200 € + trofeo
Subcampión	150 € + trofeo
3. ^o	100€ + trofeo
4. ^o	80€
5. ^o	60€
6. ^o – 10. ^o	40€
1eira clasificada Feminina	40€ + trofeo
1eiro clasificado Veterán + 50	40€ + trofeo

Tramos Elo:

1. ^o sub 2000	40€+trofeo
1. ^o sub 1800	40€+trofeo
1. ^o sub 1600	40€+trofeo
1. ^o : sub 1400	40€+trofeo
1. ^o . sub 1200	40€+trofeo
1. ^o sin ELO	40€+trofeo

Total: 1110 E

Os premios monetarios non son acumulabeis.

Para recibir o premio, será obrigatorio estar presente no acto de entrega.

12. O presente torneo será arbitrado por:

Árbitro principal: Beltran Ortiz, Edda Georgina (árbitro Internacional)

Árbitro adjunto: Manuel Angel Garcia Fernández (árbitro Nacional).

Director do Torneo: María Julia Arcos Rodriguez.

13 A organización resérvase o dereito de alterar as presentes bases en beneficio do adecuado desenvolvemento do torneo.

14. A participación na proba implica a aceptación do presente regulamento. Os participantes autorizan a organización a utilizar os datos personais proporcionados, así como as fotos ou vídeos, para as finalidades propias relacionadas coa xestión do torneo e a súa divulgación na Internet e nos medios de comunicación social.



Concello de
OURENSE
Deportes

